



Pilar García Porto

Moi boas tardes, a todos e a todas, benvidos ao museo provincial de Lugo para facer a inauguración e presentación desta primeira retrospectiva de SIRO, o título é SIRO, Retrospectiva, 1970-2017.

O certo é que é para nos un auténtico pracer contar con esta mostra no Museo Provincial de Lugo e que é a primeira retrospectiva que se fai deste artista. Nela móstrase unha amplísima escolma da súa extensa obra e onde podemos coñecer todas as súas facetas artísticas dende o debuxo, deseño, pintura e a caricatura sen esquecer por suposto tamén a súa actividade como escritor un eido no que cultivou xéneros como a narrativa, o teatro e sobre todo o ensaio, campo no destacan os seus traballos como Castelao Humorista e Cervantes e o Quixote, a invención do humorismo.

Para min, como vos dicía, é un pracer contar con este grande artista aquí no Museo Provincial de Lugo, cunha actividade que abrangue todas estas disciplinas das que acabamos de dar conta e podemos definir como herdeiro de Castelao pero ao mesmo tempo como un creador con estilo propio como poderedes comprobar no percorrido pola mostra o amplo talento o que nos vai a mostrar durante o percorrido pola mesma. Pola miña parte nada máis darlle a benvida e felicitalle a el e agradecerlle a todo o persoal do museo Provincial de Lugo a súa implicación para poder levar a cabo esta mostra de altísimo nivel aquí na provincia de Lugo. Sen máis dilación, déixovos xa co artista. Moitas Grazas.



SIRO

Esta é unha exposición retrospectiva, non unha exposición antolóxica. Para ser antolóxica tería que mostrar máis debuxo de humor, máis caricatura e máis ilustración, xéneros con escasa presenza aquí. Por qué? Porque eses son os máis coñecidos pola miña actividade de debuxante de *La Voz de Galicia* e interesábame darvos a coñecer outros traballos, moi distintos, que valoro igual ou máis. Porén, aquí hai un cento de obras representativas do que veño facendo desde hai case 50 anos no debuxo e na pintura, e a mostra resulta moi completa.

Deixádeme dicir algo de Lugo e dalgúns lugueses. Aquí viviu sesenta anos a miña tía María, irmá de meu pai, casada co comandante Siro González, morto na Guerra Civil. Por el levo eu o meu nome. Aquí, en Lugo, vin a neve por primeira vez, con seis ou sete anos. Era unha nevada enorme que cubrira de branco con capa moi grosa as murallas e aquela neve causoume o mesmo abraio que aos nenos do interior lles causaba ver o mar por primeira vez. Aínda gardo na memoria as imaxes que vin desde a casa da miña tía, na Ronda da Muralla, daquela Ronda de los Caídos.

Para Celestino Fernández de la Vega, a Lugo contorneada polas murallas era unha cidade á medida do seu corazón. Eu podo dicirvos que tamén é unha cidade á medida do meu, e vir a ela foi sempre motivo de alegría. Agora tamén de nostalxia porque me faltan amigos como Celestino Fernández de la Vega, Benxamín Casal, Ánxel Fole, Pepito Gayoso... Quédanme outros e algúns están aquí, como o cordialísimo Xerardo Pardo de Vera e o gran Paco Pestana. Tamén están amigos que veñen de lonxe, como o gran pintor Rafael Úbeda, vido de Samieira, en Pontevedra; Pedro Taboada, de Ferrol; e eu –crédeme- síntome agradecido e honrado.



Direi algo brevísimamente da miña traxectoria desde empecei a debuxar e publicar no ano 1970.

Comecei a facer debuxo de humor na revista *Chan*, que dirixía Borobó, no ano 1970 e despois en varios periódicos facendo caricatura persoal e debuxo de humor. Logo pasei vinteun anos dedicado á caricatura política en *La Voz de Galicia* e quedei marcado para sempre. Podo facer calquera exposición, que os medios de comunicación falarán de min como caricaturista. En Ferrol mostrei, hai vintacinco anos, unha exposición feminista. Non había máis que mulleres; mulleres vestidas e mulleres espidas. Era un canto á


muller, presentado por una muller: Pilar Cañás, locutora de *RNE*; pero todas as crónicas falaron da exposición do caricaturista Siro.

Prexubileime como xornalista en 2006, porque estaba enfermo e quería escribir dous libros: *Castelao na arte europea* e *Cervantes e o Quixote. A invención do humorismo*; xa editados os dous. Tamén quería facer algunhas exposicións de pintura que non tivesen nada coa caricatura nin co debuxo de humor. E arranxei tres, dedicadas a Picasso, Valle-Inclán e Ramón Piñeiro. Das tres hai aquí unha mostra, e para que se vexa que non renego da caricatura, trouxen dúas. O demais é retrato, paisaxe, espido feminino, erotismo e fantasía.

Aínda que as técnicas son variadas –tintas, ceras, témperas, pasteis...-, hai poucos óleos. Os máis dos que pinteí son xa propiedade de particulares e a enfermidade que padezo desde hai doce anos non me permitiu esa técnica. Estou moito mellor e propóñome volver ao óleo no 2018.

E agora, para rematar este limiar, quero agradecer a todos os que fixeron posible esta exposición a oportunidade de mostrárvola. Hai que ter amigos en todas partes, ata no inferno; e tamén nas institucións. Aquí, no Museo Provincial de Lugo, está Fernando Arribas, amigo de moitos anos, que quixo arranxar e comisariar esta mostra.

Por certo, o autorretrato co que eu quería anunciarla é este, no que estou vello e con gorra. Dos moitos autorretratos que me fixen -máis de cincuenta-, este é dos que máis me gustan. Eu véxome así: vello, pero tan ledó e divertido como cando era novo. E que pasou? Pasou que Fernando puxo outro no que estou máis novo e máis guapo, feito con iPad. A Fernando pareceulle importante que un home de 74 anos bote man das novas tecnoloxías, e levouno ao cartelón que loce no exterior. El manda.




Vede aquí, no umbral da exposición, co meu autorretrato máis recente, unha das moitas caricaturas que fixen de Castelao. Durante o percorrido pola mostra falarei de debuxantes e pintores que influíron no meu facer, ben polo estilo, ben pola técnica. Non é o caso de Castelao. El non está aquí, na entrada, por esa razón. Non deben gran cousa os meus debuxos –nin sequera os de humor- a Castelao; pero si lle debo a lección, a espléndida e clarificadora lección, de que para sermos artistas universais abóndanos con debuxar e pintar en idioma galego. E facelo ben, claro. Alguén preguntará: Pódese pintar e debuxar en galego, como escribimos en galego? Pódese. Aí están as obras de Castelao, Maside, Colmeiro, Seoane, Fernández Mazas, Xaquín Marín... Hai que desexar facelo e traballar, buscar ata dar cunha expresión propia, enraizada na terra, na arte popular e na dos artistas que a fixeron. Eu téntoo cada día da miña vida e coido que, con máis ou menos acerto, consígoo case sempre.

RETRATO



A Mostra está organizada por temas e comezo co Retrato. Veláí a miña filla Lucía cando tiña dous anos. Daquela descubrira un debuxante extraordinario chamado Pascin, búlgaro de orixe xudea, e engaioloume coa lixeireza e liberdade dos riscos. Descubriro trocou a miña concepción do debuxo e a miña man.

Debuxar nenos é difícil. Se observamos os pintados ao longo da historia da pintura, veremos que mesmo excelentes pintores fan nenos Xesús que son un pecado e anxelotes como ananos. É difícil debuxalos, si; pero a min sempre se me deu ben. Este é un exemplo. Teño moitos máis, feitos con outras técnicas, porque este está feito coa máis sinxela: cun rotulador Rottring sobre papel. Hai moitos anos que troquei o rotulador pola pluma de caligrafía e a tinta chinesa; e máis recentemente polo pincel e a témpera. Con esta última técnica utilizo papel de gravado e preparo coa témpera unha masa pouco densa, que me permita deslizar un pincel fino como se fose a pluma de caligrafía. Vede que neste debuxo as liñas non son grosas e finas porque o rotulador non o permite. Ao ter punta metálica de 0,6 ou 0,8 milímetros, o trazo será uniforme. Nos debuxos con pluma de caligrafía ou pincel vou cargando máis ou menos para que o risco sexa máis ou menos ancho



Así, con pincel e témpera, está feito este retrato de Ceslestino Fernández de la Vega. Teño dous retratos do mesmo tamaño e nos dous está ben, pero este – desculpade a inmodestia- paréceme un retrato especialmente atinado porque a angustia que este home levaba dentro, desde mozo, está reflectida nos ollos. Un home extraordinariamente intelixente, extraordinariamente culto, que rematou a vida traxicamente.


Cando o pincel vai perdendo materia aproveito para tracexar liñas imprecisas, para procurar un efecto semellante ao que en pintura chamamos <perspectiva cromática>.




Velaí un dos 40 retratos que fixen de Ramón Piñeiro. Está feito coa mesma técnica que o de Celestino e, como aquel, é un retrato realista. Os máis dos que seguen son unha visión idealista do personaxe. Son do ano 2009, cando se lle dedicou o Día das Letras Galegas, e forman parte da exposición que arranxei para a celebración.



Os únicos debuxantes aos que vira facer debuxos con liñas de cores diferentes eran Alberti e Picasso. Eu fixen o mesmo ca eles neste xogo coas imaxes de Piñeiro, no que o represento falando coas mas coma pombas e cos ollos enormes baixo as lentes. Debuxo a debuxo quixen ir mostrando aspectos diferentes da súa extraordinaria personalidade. O bo sería poder mostrar os 40, todos xuntos, claro.



Hai un Ramón Piñeiro que sae do cárcere de Alcalá de Henares, case cego e enfermo, e dedícase a percorrer Galicia, comendo castañas pilongas mentres vai no autobús ou no tren para visitar os amigos e reorganizar o galeguismo, ata que empeza a botar sangue pola boca e haino que operar urxentemente. Estes dous retratos identifícoos con esa etapa da súa vida.



Estoutro é o Piñeiro que decide crear a Editorial Galaxia e comeza a traballar coa ilusión do rapaz de 17 anos que daba mitins con Otero Pedrayo, Castela, Alexandre Bóveda... É o retrato do home que dedicará a vida enteira a recuperar o idioma, a facer unha Galicia galega, a conseguir un Estatuto de Autonomía; por fidelidade aos amigos galeguistas que morreran asasinados ou no exilio.


É cando vai vivir a Compostela, no piso da rúa Xelmirez 15, 4º, que lle cede o seu amigo Domingo García-Sabell.

Pois aquí está na mesa camilla o Piñeiro que fala con palabras, coas mans e cos ollos; e que nos vai recibindo a todos os mozos que nos incorporamos ao galeguismo.



Este é un dos poucos óleos que hai na exposición. Os outros son acrílicos. Na exposición de Piñeiro hai 40 obras moi distintas. Primeiro porque me aburre facer as mesmas cousas e repetirme; por iso nunca puiden facer cómic. Pero tamén para sorprender con cada cadro ao espectador. Así concebín e fixen as exposicións dedicadas a Picasso e Valle- Inclán, e así preparo a que dedicarei a Blanco Amor.


Como vedes, é un retrato claramente cubista; pero un pouco cubistas son varios



Con pincel e t mpera est  feito este retrato de Marta, compa eira da Voz de Galicia, muller fermos sima, que me serviu de modelo para moitos debuxos. Aqu  o que tenciono   expresar o m ximo posible co menor n mero de li as. Non falta ninguna, pero tampouco sobra ningunha. Se puxese outra, ser  innecesaria; se a quitase, o debuxo quedar  incompleto.




Aquí un retrato da miña muller, con pluma de caligrafía e tinta chinesa



E outro da miña filla Lucía, con seis ou sete anos. Vede que os mesmos arabescos fíxenos aquí con pincel e témpera.



Comparede este retrato de Lúa cos dous anteriores. Vede que é distinto o xeito de facer os ollos, os beizos, o pelo. Sempre procuro resultados igualmente estéticos -ou máis, se é posible- con riscos diferentes.







Da exposición dedicada a Picasso hai aquí unha pequena mostra. Divírteme retratar os artistas co seu propio estilo: meterme no seu terreo, usar as súas técnicas e procurar as mesmas metas ca eles.

Picasso permitiuse xogar cos rostros das persoas e facer todas as deformacións imaxinábeis; e eu xoguei co seu, coma el mesmo faría. El <algo> mellor ca min, claro.

Hai moito de broma nesta representación porque eu non son moi devoto de Picasso. Admiroo –como non o vou admirar!- ; pero interésanme máis Matisse, Chagall e outros pintores da súa xeración. Admiro a súa forza, a ousadía e o xenio; sobre todo o xenio para ser sempre distinto e sempre el. Converteuse no Papa da pintura e os marchantes de toda Europa, mesmo os americanos, chegaban ao seu estudo e agardaban na sala de espera que se dignase venderlles un cadro. Un calquera. Éralles igual o tema, a técnica e o estilo. Que fose grande, a poder ser. Por iso debuxeino coma o Sumo Pontífice da Arte do século XX.



Esta técnica do pincel fino e a témpera usados como unha plumiña e tinta china, conleva certas dificultades. Tracexar as curvas a man alzada, a pulso, en cadros grandes, non é doado. O pintor Alberto Carpo, bo debuxante e amigo querido, xa falecido, ollaba un destes cadros, que semellaba feito con cartabóns e compás; e preguntoume:

-Pero isto como o fas?

-Con moito coidado.Respondinlle, rindo. Riu tamén e insistiu:

-Pero a man?

- Si, claro.

Botouse atrás para ver o conxunto e pregúntome canto tempo me quedaría para seguir trazando riscos así. Eu non o sabía, claro; e comenteille que quizais algún feito anos antes, xa non podería repetilo coa mesma perfección.

Falemos algo da necesaria semellanza nos retratos de Picasso. O máis importante –calquera se dá conta- é acertar na expresión dos ollos. Tanto ten que fagamos un retrato como unha caricatura. Nos dous casos, se atinamos nos ollos, temos o traballo feito. Hai veces en que eu mesmo dubido se debuxei un retrato ou una caricatura. ¿Isto é un retrato ou unha caricatura? Quizais nin unha cousa nin outra. Caricatura non é porque as deformacións non teñen como finalidade buscar unha maior semellanza co modelo. Daquela é retrato, si, pero daquela maneira; porque ademais de procurar a semellanza física, preocupeime de que as liñas e cores funcionasen como se fose un cadro abstracto. Se lle damos a volta, coido que o efecto estético sería bo.

O mesmo pasa con estoutro, no que convertín o nariz de Picasso no número 5. O resultado non é unha caricatura, nin un retrato convencionais; aínda que, formalmente, son retratos feitos con recursos da caricatura.




Velaí un retrato de Picasso ao óleo. Como nos anteriores permitinme xogar con absoluta liberdade, pero nesta ocasión con manchas na vez de liñas.




Velaí un retrato cubista de Picasso, que debe moito a Juan Gris; e dous de Picasso con modelo. Óleo o primeiro, témperas os outros dous.



Desde rapaz sinto devoción por Vang Gogh. Teño varios debuxos, pero so trouxen un: este, que me serve para explicar algo sobre a linguaxe plástica. Cando falo, o meu idioma natural é o galego, pero cando paso Pedrafita falo castelán coa mesma naturalidade. Pois desque empecei a debuxar, no ano 63, decateime de que o meu idioma natural era o debuxo de liña. Coa liña expresábame con comodidade e obtiña os mellores resultados, Pero chegou un momento en que me dixeran: <non podo pasar a vida debuxando así; téñome que expresar tamén doutro xeito radicalmente distinto>. E probei a facer debuxo expresionista con plumas esgalladas e pincéis anchos e esfolados. Na vez da tinta usaba o pouso do fondo do tinteiro e na vez das témperas limpas, mesturas de cores por pura intuición. Pasar dun debuxo de liña, dun debuxo lírico a un debuxo épico – expresionista é o cualificativo que lle acabei- foi unha experiencia enriquecedora e o resultado moi gratificante, porque descubrín que me sentía igualmente cómodo expresándome coa liña e coa mancha.




Neste debuxo pódese ver que a tinta e o pouso de tinta está no debuxo de forma irregular. Hai partes con moita materia e partes con moi pouca, para acadar a forza expresiva e o resultado estético desexados. Este debeu de ser dos primeiros. Logo fixen moitos máis.



Estes dous debuxos do escultor Paco Pestana, están feitos aquí, en Lugo, no mesón de Suso Carreira, Mesón do Forno, un restaurante no que había unha mesa para os Cabaleiros da orde de la Espeteira, da que fun membro. Un día apareceu alguén cun bloc de debuxo, un pincel e un tinteiro, e dixo:

-Veña, hai que facer algo!

E pasoumos a min. Tireille tres retratos a Pestana: estes dous e outro que levou el. Conste que este é unha copia porque está feito en gouache e o orixinal era con tinta



Fago pouca acuarela e das poucas que fixen coido que esta é a mellor. É Rembrandt novo. Paréceme un cadro diferente a canto levamos visto.




E aquí outro Van Gogh ao óleo. Volvo preguntar: É caricatura ou retrato? Un pouco de cada. Eu diría que é un retrato caricaturesco.



E este outro é Pascin, de quen falei antes. De Pascin debo de ter cen retratos. Non esaxero porque deste mesmo cadro debín de facer dez ou doce versións. É un retrato feito a partir dunha foto, na que está moi ben. Debía de ser así, e cada vez que a vexo éntranme gañas de pintalo e fago unha e outra variacións. Coido que estes retratos expresionistas están en débeda cos artistas do Grupo El Puente, que agromou en Dresde a comezos do século XX. Síntome moi identificado coa estética daqueles artistas e seguen inspirándome a día de hoxe. A verdade é que da pintura actual interésanme poucas cousas e miro máis o pasado que o presente. Non para imitar aos artistas admirados, claro que non; pero si para repasar a súa lección. Divírteme esculcar a súa obra, sacar conclusións e tentar aplicalas a una obra miña, totalmente diferente.

RAMÓN MARÍA del VALLE-INCLÁN

A exposición dedicada a Valle Inclán doeina ao museo da Pobra do Caramiñal, pero aquí temos algunhas obras que repetín por razóns que non recordo.

















EDUARDO BLANCO-AMOR

Da mostra que dedicarei a Blanco Amor teño moito feito e dese moito hai aquí un pouco.












Aí tedes un autorretrato ao óleo. Dos poucos que teño ao óleo porque cando enfermei tiven que deixar esta técnica, a que máis me gusta; pero os óleos son sintéticos e, aínda que pintaba con máscaras de bombeiro, provocábame terribéis irritacións no intestino




Chegamos aos retratos dunha amiga. Este é un collage, e nel hai unha clarísima influencia de Picasso. Unha das cousas que admiro en Picasso é facer cousas ás que ninguén se atrevería. Eu atévome. Os resultados serán os que sexan, pero atrever, atévome. E ás veces acerto. Se estivese aquí esta muller veríades que está cuspida.




Estoutro demostra a miña admiración por Matisse, porque xa non se trata de facer un debuxo de liña como outros que vimos. É a forma do retrato, a delicadeza da liña, o pulo do lirismo, propios de Matisse, do mellor Matisse.




O terceiro é un acrílico do ano 2006, lixeiro de execución, como se a man fixese o que lle deu a gaña. Ás veces fai.



Velaí o retrato de Manolo de Perlío, un grande animador cultural na Transición, e un gran amigo. É un gouache, pequeniño, pero téño por un dos meus mellores retratos.





E o doutro amigo a quen hai moitos anos que non vexo: o cura Paco. É un retrato que nos leva á pintura dos expresionistas alemáns, polas miles de pinceladas con tonalidades diferentes que hai no rostro.



Na exposición hai dúas caricaturas: a de Castelao, que vimos na entrada, e esta de Ramón Piñeiro con Rosalía. Moi distintas en técnica e estilo, pero das mellores que fixen. Rosalía foi un dos grandes amores de Piñeiro. Coñecíaa como poucos, admirábaa profundísimamente e escribiu sobre ela cousas breves, pero orixinais: cousas que axudan a entender mellor a súa obra. Míroa, sorrío e penso no moito que lle gustaría a Piñeiro verse así.

Entramos no breve espazo dedicado ao humor e ímonos deter nas maquetas en bronce dos bancos de pedra dedicados a Castelao e Cunqueiro na Praza do Humor de A Coruña, único recinto urbano destas características no mundo. Dous grandes humoristas de estilos moi distintos, pero absolutamente galegos ambos. As maquetas modelounas o escultor Xosé Castiñeiras sobre deseños meus. Xosé Castiñeiras e Francisco Escudero reproducíronas en pedra.





HUMOR MACABRO

Velaí dous debuxos de humor macabro, do ano 83, dunha serie que quixen facer como réplica aos Pecados Capitais, para moita xente o meu mellor traballo como debuxante. Pois con esta outra eu quixen igualalos en cualidade, pero só fixen estes ous.









¿Por que esta serie ía ser unha réplica aos Pecados Capitais? Polo risco. Os pecados Capitais, que logo veremos, están feitos cun trazado xeométrico, de raíñas paralelas en varias dirección que se xuntan ou se cortan; e nestes o sombreado é moitísimo máis impreciso e libre. Non seguí coa serie porque no terceiro debuxo tería que facer o esqueleto de Beethoven, sentado nunha campá e caéndolle notas musicais do buraco dun oído, e non atopei o retrato do músico vivo que me servise para debuxalo morto; e desilusioneime. Ián ser trece pero so fixen dous.

Vede que, estilísticamente, son distintos aos Pecados Capitais

PAISAXE

Os primeiros debuxos de paisaxes, facíaos co Rotring. Vede o número infinito de riscos que hai nestas paisaxes, para diferenciar as luces e as sombras. Un traballo laboriosísimo. Vese que era novo.







Esta é a Ría do Burgo, onde teño o meu estudo. Gústame moito traballar co pastel porque me permite o que a acuarela lle permite ao bo acuarelista: facer en poucos minutos un cadro que pode ser <resultón> ou estupendo. Eu non son un bo acuarelista. De todas as técnicas é a que menos domino. Manexo mellor o pastel e cando o traballo, imaxino que estou co óleo.



Outro pequeno pastel dun amencer na ría, coa néboa que entra. É unha pintura impresionista, porque a min segue gustándome o Impresionismo. Desde a terraza do meu estudo, no Burgo, vexo unha paisaxe amplísima e este é un recunchiño. Así podo escoller moitos e, se estou inspirado, pásoo moi ben debuxando con moita rapidez. Tamén fago paisaxes ao gouache, e divírtome igualmente.




Este é un *gouache* dunha paisaxe na Toscana, feito en brevísimo tempo.



Este é unha cera. Fun moi amigo do gran pintor Antonio Tenreiro, que durante anos percorreu Europa facendo pequenas paisaxes con acuarela, gouache e ceras. Moitos anos despois regaloume as ceras e este é un dos debuxos feitos con elas. Cando viaxaba levábaas e facía debuxos rápidos que despois lle mostraba, dicíndolle que as ceras pintaban soas. Esta paisaxe é preto de Praga.



Outra imaxe da Ría do Burgo. Pinte este cartón ao *gouache* e despois dinlle uns toques de pastel; pero antes, cando xa estaba o gouache case seco, déralle unha veladura para crear o ambiente do amencer cunha brétema fina sobre a ría. Non digo nada novo porque todos os pintores investigan e xogan máis ca min; pero cóntovolo como simple curiosidade.



Velaí a Ponte do Burgo. Medieval, preciosa. Destruíuna o exército de Napoleón, pero refixérona moi ben e eu goréntome ollándoa desde o meu estudo. Por detrás vai a estrada, pero sobrábame e pinteí so a ponte vella, que non ten esta cor; pero saíu así e gustoume.




Este outro está feito co meu primeiro idioma, o idioma das liñas. É unha vista de Venecia. Teño pasteis e ceras de Venecia, pero este, o máis, sinxelo é o que prefiro



E aquí un dos primeiros óleos que pinte: San Andrés de Teixido. Repetino en formato grande, unha vez resoltas as dúbidas que tiven ao facer este. Está na colección do xornalista Bieito Rubido.



Vou moito á serra de Madrid e de cando en cando paro e tento apreixar aquelas paisaxes que me encantan.



Outro pastel. Gústame moito o pintor Soutine, amigo de Modigliani. Soutine retorcía todo: as casas, as árbores e as persoas. A min todas as cousas que me gustan vanme quedando no subconsciente e un día, ao rematar este cadro, dixeran: -Saíume un Soutine! Non o pretendera, pero saíume.



Non fun a ningunha escola de belas artes, nin aprendín con ningún pintor; pero non digo que son autodidacta porque estudei a Cèzanne, a Matisse, a Picasso... Estudeinos a todos e as leccións que neles aprendín van saíndo nos cadros que pinto. Aquí hai unha lección de Cèzanne. Non é que diga <vou facer un Cèzanne>. Non. Pero pídeme o corpo facelo así, e por algo será.



Esta é unha das paisaxes máis logradas que teño. Unha nevada en Alpedrete. É un *gouache* no que utilizo o fondo do papel coma o branco da neve e fágolle unhas cantas manchas moi tenues. Todo o traballo está no ceo bretemoso, que ameaza tormenta. O resto é sinxelo. O equivalente a ese debuxo en que nin falta nada nin sobra nada. E nese contraste entre o ceo compacto e a paisaxe núa está, coido eu, o maior acerto do cadro




Este é o primeiro óleo que pintei na miña vida. Fora a unha feira e fixera moitos apuntes a tinta e despois unha fotos. Ata este momento eu pintaba todo con lápices de cores, con ceras e con pasteis. Debuxaba con cores, pero era o labor dun debuxante. O día que pinte este pequeno cadro, díxenme: -Pois si, podo ser pintor.


FANTASÍA




Aquí vemos as maquetas dos bustos de Álvaro Cunqueiro e Wenceslao Fernández Flórez que están na Praza do Humor na Coruña. Están nas respectivas Casas Museo en Mondoñedo e Cecebre. Semellan bronce pero son de poliéster.



Aquí temos a Chagall cunha modelo, feito a tinta sobre cartón.



E aquí unha cera do santo protector dunha cidade nórdica. Foi a ilustración dun traballo que fixen.



Aquí aproveitei a proba dun gravado con dúas manchas, e engadinlle o fauno.



Neste debuxo vese a pouca importancia da ferramenta porque está realizado con tres ceras: negra, gris e branca. Esta pobre muller, rica e elegante noutro tempo, anda agora a buscar comida no lixo. A Dama do lixo tituleino. Téñoo por un dos meus mellores debuxos dos últimos anos.




Velaí un pequeno óleo da poeta Yolanda Castaño á que lle teño feito outros con técnicas distintas. É retrato ou caricatura? Quen o sabe! Por iso non está no retrato e si na fantasía.



A miña admiración por Chagall queda agora de manifesto en dous cadros: O primeiro é este que titulo *Santorini*. Eu acababa de chegar da illa e dicíame: <Se Chagall estivese en Santorini faría unha fantasía...> E fixen este gouache.



O outro é este pastel. É un cadro que me gusta especialmente. Antes da inauguración estivemos facendo fotos varios amigos e eu tróuxenos aquí, a este Nadal chagallesco.



Unha ilustración de *Carapuchiña Vermella e o lobo*. Eu non podería facer ilustración de literatura infantil porque son tan bos os ilustradores que hai en Galicia e fóra de Galicia, que para poder estar á altura deles necesitaría un ano de prácticas. Porén, cando tiven que ilustrar a *Etnografía Galega* para Hércules de Edicións, fixen debuxos propios da literatura infantil. Fíxenos si, pero cunha preocupación moi distinta á destes excelentes profesionais: o que a min me interesaba era facer <ilustración galega>. Foi a miña prioridade.



Vémolo no debuxo da Carapuchiña e neste do *Mouro que garda o tesouro*. Cando pensamos nos mouros que gardan tesouros en Galicia, imaxinamos os mouros de Marrocos ou de Arxel; pero os nosos paisanos identificaban ao mouros cos maragatos; os únicos estranxeiro que coñecían. Cando describían os seus vestidos, describían ao maragato. A *Etnografía Galega* comeza con esta ilustración.

EROTISMO



Con este cadro comeza o erotismo e aquí vemos a Kirchner coas súas súas modelos. É un pintor que me interesa moito. Acabo de tirarlle uns retratos a pluma.



Este é o Picasso salvaxe sexual. Cando faciamos as fotos previas á inauguración, Pestana e Úbeda querían facelas aquí. Forma parte da exposición dedicada a Picasso.




De todos os retratos que fixen de Picasso, este é o que máis me gusta. A Picasso encantáballe debuxar minotauros e a min encántame debuxalo a el coma un minotauro, porque coído que era un minotauro



Outro debuxo da serie *Picasso Minotauro*. Como vedes, vou da masa á liña. Hai diferenza de estilo entre un e outro. De estilo e de técnica, porque a do primeiro é complexa. Se ollades o monstro de preto veredes as moitas pinceladas, as moitas cores mesturadas. É coma unha rocha. En troques nestoutro todo é lixeiro e hai movemento.




Un *gouache*, concebido como se fose unha serigrafía; de aí as manchas de cor uniforme. É unha vía que exploraría, se fose máis novo.




Neste outro *gouache* fixen unha mestura de estilos e técnicas. Hai algo de caricatura, de ilustración e de interpretación do propio Picasso.


ESPIDO





Non todo espido entra no campo do erotismo, claro. Este é o dunha muller de certa idade, que xa foi nai e xa non ten a beleza da xuventude; pero fíxeno para mostrar un corpo feminino que entenece porque perdeu a fermosura da xuventude, pero non perdeu a nobreza.



Neste outro espido si quixen mostrar a fermosura dun corpo feminino. O problema deste tipo de debuxo é que se cando vas rematando tes unha dúbida e o risco perde continuidade, non vale e haino que romper; mentres nun debuxo expresionista sempre podes facer un apaño.




Estes dous son gravados. Teño varios e os debuxos orixinais estaban feitos con prumiña.



Estes espidos son dos meus preferidos. Aclaro que os espidos hainos que facer do natural, con modelo. Os espidos a partir de fotos non valen. Polo menos a min non me valen. Por qué? Porque na foto non se perciben os pequenos cambios nas liñas do corpo, e eses pequenos cambios, esas sutilezas, son as que humanizan o debuxo e onde radica o encanto do debuxo.



Gústame a perfección, pero non sempre, e para fuxir dela –porque a imperfección no trazo tamén pode ser un acerto- collo o lápiz polo extremo, de maneira que non podo controlalo completamente, e debuxo libremente para que aparezan no papel riscos impensados, que aproveito moitas veces.



Vede aquí como non conseguín unir esta parte con esta outra. Non importa: é a imperfección ao servizo da estética.



Outro corpo non é xuvenil e con pouquísimas liñas. Non sobra ningunha.



Este é un Matisse coa modelo que fixen a partir dunha foto moi coñecida. A técnica, xa vedes, é a do pincel e a témpera.



Esta é unha serie de debuxos con pincel e témpera, que teño polos de máis difícil concepción e execución de cantos levo feito. Son os que chamei *Debuxos Eróticos*. A dificultade está na idea -poucas veces tería outra tan boa-; e está no estilo –coído que o xogo coas liñas que enlazan os corpos de cabezas esféricas diminutas e mans enormes- é orixinal e persoal. Non coñezo nada semellante, aínda que en Picasso poidamos descubrir algún precedente. E a terceira dificultade está no trazo. Como están pintadas estas curvas tan longas? Xa o dixen: <con moito coidado>.


FANTASÍA



Este é un dos poucos óleos que trouxen: o Bufón triste. Fixen unha serie bastante grande de bufóns. Deste nunca quixen desfacerme porque foi o primeiro e ademais saíu talmente como eu quería que saíse.



Esta é a mesma muller que estaba no *collage*, unha evocación linda e sinxela.



Un pequeno arlequín.



Escultura realizada polo escultor Ferreiro Badía sobre bosquejos meus. É a miña interpretación da Virxe Peregrina porque, segundo Cunqueiro, cando a Virxe peregrinou a Compostela se detivo en Pontevedra, cantoulle ao neno para durmilo e unha paxariña que se lle pousou no ombreiro para escoitala, aprendeu o canto. Era un reiseñor, que por iso canta tan ben. Tan fermosa fantasía merecía ser contada en bronce e quizais algún día o sexa, pero de momento témola en poliéster.




E con este debuxo de tinta sobre cartón remata a fantasía. Observaredes a variedade de temas e estilos que vin tocando des que empecei a debuxar. A miña curiosidade é insaciable, a miña ousadía tamén, así que vou facendo cousas por etapas.

ÁLBUMES

Este álbum titulado *SIRO 30 ANOS DESPOIS* fíxeno no momento en que decidín utilizar outro idioma. O idioma das cores. É un álbum de experimentos que me serviron para construír o meu idioma. É do ano 2000









AUTORRETRATOS

Este block é de autorretratos feitos con tinta, carbón, sanguina, pastel, pastel ao óleo, cera. Ás veces me represento como un pobre vello e outras como un galán maduro.











No autorretrato permítome todas as licencias. Neste pequeno acrílico
tedes unha boa mostra.

BLOCK *ANTROPOLOXÍA*

Teño varios cadernos con bosquejos para antropoloxía galega. Cando me puxen a facer estes personaxes tiña moi claro que non podían ser os de Castelao, nin os de Cebreiro, nin os de Seoane, nin os meus de álbumes anteriores. Terían que ser diferentes a todos. E ocorrúseme partir de Cándido Fernández Mazas, un debuxante extraordinario pero mentalmente enfermo e morto aos corenta anos, cando comezaba a mostrar unha obra á vez galega e europea. Pensei como faría el os meus personaxes a día de hoxe e púxenme a debuxar. Ninguén verá semellanza entre os seus deseños e os meus, pero foron a miña referencia











BLOCK *BURDEL*

Xosé Luís Alvite e eu tiñamos o proxecto de publicar un álbum titulado *Burdel* con debuxos meus e textos seus. Non puido ser, e síntoo moito.










BLOCK *FAME*

Ante a fame real que pasa tanta xente no mundo, as ilustracións teñen que ser horrendas. Así as fago eu.





BLOCK *PINTANDO SOÑOS*

Aí ando eu perseguindo o soño da creación artística de cualidade, valéndome dos corpos femininos. Semello enrabechado, pero é a cara que poño cando me enfronto ao lenzo ou ao papel limpos, que me retan.









BLOCK *UN DÍA CREATIVO*

Neste álbum botei man do humor para explicar o tránsito da ilusión á decepción no proceso da creación artística.








OS PECADOS CAPITALAIS






Os pecados capitais: "A IRA"



Os Pecados Capitais:
"A Emexa:"



OS PEGADOS CAPITAIS: "A LUXURIA"



os pecados capitais :
"A PREGUIZA"







Tardei dous anos en debuxar os sete pecados. É o meu traballo de debuxante máis completo e importante. Nalgúns hai xente famosa, aínda que

disimulada, pero recoñecible.

Son debuxos satíricos de gran forza expresiva. Cando Galaxia fixo a primeira edición levouna á Feira do Libro de Madrid e a metade da tirada quedou alí. Daquela leveille un exemplar ao gran filólogo portugués Rodrigues Lapa e despois de ollalos atentamente, díxome:<Desenhos fantásticos, maravilhosos, excelentes. Pena que non os intitulou Os Pecados Capitais>. Prometinlle facelo na segunda edición, e fíxeno; pero o profesor xa non puido vela.

DESPEDIDA.

A Deputación de A Coruña vai editar un libro da miña obra dentro da colección de Grandes Pintores Galegos, da que xa levan feito 18 e a comisión entendeu que merezo esa honra. Eu nunca souben pedir nada a ninguén, pero un amigo de Ferrol, amante da pintura e da arte en xeral, foi á Deputación, presentou a miña candidatura e aceptáronlla. Será un libro de catrocentas páxinas e síntome moi honrado e agradecido.

Non é humildade esaxerada pola miña parte. É a humildade que debo ter para non caer no ridículo. Non me costa ningún traballo ser humilde porque son consciente de que todo isto que tanto traballo me custou facer ten unha importancia relativa. Se eu nacesse nunha familia con cartos e coñecementos para orientarme no eido da pintura, probablemente eu sería un artistazo. Pero un tipo que nunca tivo un profesor de debuxo -nin no bacharelato!-; que non pisou unha Escola de Belas Artes; que foi facendo as cousas ao seu xeito, despois de estudar aos grandes artistas... Ese tipo, que son eu, debe dicir; <Ata aquí cheguei e non está mal>. E resignarme a non facelo mellor. Con esa naturalidade enxuizo eu as miñas cousas. Porén, tampouco teño a humildade de San Francisco de Asís e dígovos, en voz baixiña, pero dígovolo, que non hai moitos debuxantes que fagan tantas cousas diferentes e con certo mérito todas elas: caricatura persoal e política, debuxo de humor, ilustración, retrato, espido, fantasía, paisaxe... Así que facerme o libro a Deputación da Coruña e invitarme a expoñer aquí, no Museo de Lugo, non son metas conseguidas por amiguismo. Algún mérito teño eu.